

# NOME CIENTÍFICO

*Corylus avellana*

## Descrición:

A abeleira é un arbusto caducifolio, de pólas abundantes e madeira dura. Acada normalmente de 3 a 8 metros de altura. A súa copa é irregular e aparece moi ramificado dende a súa base. A codia é marrón pálida, moi estriada, e a súa madeira é dura, flexible e moi resistente.



128

**As súas follas** son redondeadas, teñen entre 6 e 12 cm de longo e ancho con bordos serrados. Son pubescentes (superficie cuberta de pelos).



129



131

**Familia:** Betulaceae

**Orixe:** Asia setentrional

**Nome común:** Abeleira ou abraira



130

**As súas flores** son monoicas. Os amentos masculinos son de cor amarelo pálido e os femininos moi pequenos e case ocultos.

**O seu froito** é a abelá. Botanicamente é un tipo de noz. Esférica, producida en acios de un a cinco.

# *Corylus avellana*

## *Hábitat*

Planta de climas temperados cunha grande area de distribución. Precisa dun solo profundo, brando e fresco. Na península ibérica atópase principalmente na metade setentrional. A abeleira é moi sensible á seca.

## *Usos ou propiedades*

É cultivada principalmente polos seus froitos, as abelás, que ademais da súa importancia para o consumo humano, xogan un importante papel como fonte nutritiva dunha gran variedade de especies, polo que a abeleira ten unha grande importancia ecolóxica. A maiores, tamén se obteñen varas da abeleira que se utilizan en cestería de xeito semellante ao vimbio.

## *Categoría IUCN*

Preocupación menor (LC)

## *Curiosidades*

É unha das árbores sagradas do calendario celta e tradicionalmente en Galicia está moi asociada coas meigas. Para numerosos pobos europeos foi símbolo de maxia e fecundidade.